

O C.R.D.O.R.S. tramitará ata o 24 de abril as axudas para a reestruturación e reconversión da viña, que poden solicitar os viticultores inscritos no rexistro da D.O.R.S.

No DOGA do 27 de marzo publicouse a Orde da Consellería do Medio Rural, na que se establecen as bases reguladoras das axudas **á reestruturación e reconversión da viña en Galicia**, e se convocan para este ano 2023 (código de procedemento MR446A).

Neste 2023 a convocatoria desta liña de axudas conta con **3 millóns de euros**. Con elas preténdese aumentar a competitividade dos produtores vitivinícolas, mellorar os sistemas de produción sustentables e a pegada ambiental deste sector produtivo. Preténdese así diminuír os custos das explotacións e apostar polo seu redimensionamento ao levar a cabo reaxustes estruturais. Foméntase a adaptación das variedades ás demandas do consumidor, ao tempo que se preservan as viníferas autóctonas galegas, de menores rendementos e elevada calidade diferenciada, aproveitando a gran vantaxe competitiva que supón a súa diferenciación no mercado.

Con estas achegas aumenta o grao de profesionalización do sector vitícola galego, poténciase o cambio xeracional e un desenvolvemento rural. Son **beneficiarias destas axudas** as persoas viticultoras inscritas no Rexistro Vitícola cuxas viñas se destinen á produción de uva para vinificación, cunha superficie máxima subvencionable de 20 hectáreas por persoa viticultora. Estas achegas aplicaranse ás superficies vitícolas onde se leven a cabo operacións de replantación de viñas, reconversión varietal e/ou melloras das técnicas de xestión das viñas.

O **prazo de presentación de solicitudes está xa aberto e prolóngase ata o 24 de abril**. Neste período, os viticultores inscritos no rexistro da D.O. Ribeira Sacra poderán tramitar as axudas na **sede do Consello Regulador da Denominación de Orixe Ribeira Sacra**, sita en C/Comercio 6-8, 1º piso de Monforte de Lemos. Pódese solicitar cita previa chamando ao teléfono **982 41 09 68**.

